



## ANUNCIO

**CON DATA 6 DE NOVEMBRO POR DECRETO DA ALCALDÍA N.º 1265/2017, DICTOUSE O SEGUINTE DECRETO, QUE REPRODUCE DE XEITO LITERAL PARA O PERFIL DO CONTRATANTE:**

“Con data 9 de outubro dictouse providencia de inicio de Alcaldía poñendo de manifesto que este Concello ten a necesidade da adquisición de colectores de recollida de lixo no casco urbanos do Concello o contra de subministro de **“DE COLECTORES DE RECOLLIDA DE CARGA LATERAL RSU PARA SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DA ESTRADAC con cargo ao PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016-Liña 1”**.

Visto que con data 10 de outubro de 2017, incorporáronse ao expediente os Pregos de Prescricións Técnicas, e de Cláusulas Administrativas Particulares, que teñen de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 10 de outubro de 2017 emitiuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que con data 11 de outubro de 2017 emitiuse informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto o Decreto de aprobación do expediente de contratación 2017-1146 de 11 de outubro de 2017.

Visto o envío do anuncio de licitación publicado no BOP de data 6 de outubro de 2017, momento a partires do que comeza a contar o prazo de 15 días para a presentación de ofertas, e rematando polo tanto o mesmo na data 10 de novembro de 2017.

Visto que se advertiron erros no PPT referentes ao material e medidas dos contedores que non afectan a elementos esenciais do contrato.

Visto que con data 3 de novembro de 2017, se incorporou ao expediente o Prego de Prescricións Técnicas modificado.

Examinada a documentación, e en aras a unha maior transparencia e publicidade desta licitación e para a concorrencia do maior número posible de licitadores, tendo en conta o artigo 10 da lei 40/2015 no que respecta a avocación de competencias e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e o artigo 110 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto de delegación n.º 682/2015 de 15 de xuño.

**SEGUNDO.** Aprobar as modificación do prego de clausulas de prescripcóns técnicas.

**TERCEIRO.** Publicar novamente, para garantir a publicidade desta licitación no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil de contratante o anuncio de licitación, para que durante o prazo de 15 días naturais, contados desde a data de publicación do anuncio no BOP os interesados poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

**TERCEIRO.** Comunicar aos licitadores que xa presentaran ofertas neste procedemento que poderán manter a oferta inicialmente presentada, ou se o prefiren presentar nova oferta neste novo prazo de licitación.

**QUINTO.** Publicar os pregos de contratación no Perfil de Contratante a partir da data de publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*.

**SEXTO.** Publicar este Decreto No Perfil do Contratante do Concello da Estrada para o seu público coñecemento".

*Documento asinado electronicamente á marxe*